



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 17.12.2020**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 17.12.2020

**HORA DE COMEZO:** 11:00 h.

**HORA DE REMATE:** 12:45 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Daniel Barata Quintas  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D. Antonio Macho Senra  
D. Manuel González Piñeiro  
D<sup>a</sup> María Elvira Larriba Leira

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 17 de decembro de 2020, ás 11:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.06.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2021, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
4. Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2021. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.
5. Aplicación e accións desenvolvidas respecto das recomendacións da empresa auditora recollidas no Plan de control financeiro da UVigo no exercicio 2019.
6. Aprobación, se procede, do orzamento do Consello Social para o exercicio de 2021.
7. Comunicación dos traballos desenvolvidos para a creación dunha "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas". Aproveitamento do informe de auditoría operativa.
8. Informe sobre a aplicación das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa", en previsión de estar operativa no segundo semestre de 2020 (reunión do 28 de febreiro de 2020).
9. Propostas para determinar o contido dunha nova auditoría operativa orientada a promover a mellora do ensino, da investigación ou da xestión dos servizos da UVigo.
10. Acordo que proceda sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2019, por cargos de xestión, pola labor docente e investigadora, e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.
11. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2020.
12. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos membros, máis aínda pola excepcionalidade que se está a dar en canto á práctica inexistencia de convocatorias presenciais. Asiste como invitado o director de Administración, Rodrigo Cerviño.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.06.2020).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Reflexiona Daniel Barata sobre a incidencia que está a ter a COVID-19 nas actividades universitarias, e o forte impacto sobre a xestión económica. Refire a importancia dos puntos a tratar na orde do día, tanto no seguimento do grao de aproveitamento das auditorías operativas que se están a encargar dende o Consello Social, como no tocante á asignación de complementos; pero especialmente pola presenza do orzamento da UVigo. Insta a manter o rumbo e tirar da experiencia recollida nos últimos anos.



### **PUNTO 3**

*Informe sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2021, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.*

Manifesta o vicerreitor de Economía que a Universidade debe aprobar un límite de gasto, pero que a lei non establece un método de cálculo. Explica os criterios seguidos e as consideracións tidas en conta para elaboralo, quedando fixado en 196.138.842 euros, a mesma cantidade que para o exercicio anterior, e por debaixo dos 206.034.192 euros que podería aprobar como límite máximo. José M<sup>a</sup> Martín Moreno di que "é mellor axustarse á realidade" porque a UVigo non calcula os ingresos en función do PIB senón que os ingresos estruturais están establecidos en base ao Plan de financiamento do SUG, que para este exercicio está prorrogado "polo que se debe ter en conta o teito de gasto aprobado no exercicio precedente".

- ***A Comisión informa favorablemente.***

### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2021. Acordo que proceda para elevación ao Pleno.*

Martín Moreno contextualiza os marcos económicos e legais nos que se desenvolven os ingresos, para concluír que o orzamento foi elaborado nun escenario de "total incerteza", pola demora en aprobar as contas estatais e autonómicas e a chegada de fondos europeos extraordinarios, e especialmente porque se descoñece o que se recibirá do Plan de financiamento do SUG polo que se traballa coa hipótese de recibir o mesmo de 2020. Con todo, o orzamento da UVigo para 2021 serán 184,6 millóns de euros, o que supón un descenso (-5,3%) respecto ao ano anterior e un cambio de tendencia despois de catro exercicios de subidas. Atribúe esta baixada a que en 2020 non houbo convocatorias da Xunta, nin convocatorias nacionais de infraestruturas de investigación e de eficiencia enerxética, nin se sabe o que corresponderá polo convenio de I+D+i. Subliña, con todo, que os ingresos estruturais, e dicir, os non afectados, ascenderán a 150,8 millóns de euros, debido a varios factores como a incorporación dos sexenios de transferencia, o incremento salarial do 0,9 % e os ingresos da Xunta a causa da pandemia. Engade que a UVigo terá polo tanto o orzamento estrutural máis alto da súa historia.

Aclara o vicerreitor que as cifras aínda non están pechadas, e que cando se contabilice o afectado e as novas partidas procedentes de fondos autonómicos, estatais e europeos para infraestruturas e I+D+i ata podería suceder que se dese un orzamento de ingresos superior ao de 2020.

Durante a súa exposición lembra que a UVigo mantén o equilibrio orzamentario, con superávit estrutural dende 2012, e cumpre estritamente os prazos para facer pagamentos. Entra a interpretar e aclarar as cifras máis relevantes do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, e resalta a importancia de aprobar o orzamento en tempo e forma.

Pide a palabra Elvira Larriba para preguntar se será suficiente a dotación das bolsas para alumnos necesitados, un ano que se prevé especialmente difícil. Nun intercambio de opinión con Martín Moreno interésase tamén pola caída de ingresos por matrículas, quedando constancia de que non é un problema que afecte á matrícula de primeiro curso, pero hai unha tendencia á baixada do total de créditos entre os matriculados en xeral polo que no orzamento tívose en conta esa circunstancia. Apúntase a conveniencia de analizar os datos e buscar as causas do descenso, ben por abandonos, traslados, ou outras. Respecto das bolsas, o vicerreitor dá conta das axudas concedidas a estudantes, por exemplo para acceder ás conexión, e das previsións para 2021, entre elas unha convocatoria prevista para xaneiro -cando se coñeza a resolución do Ministerio sobre as becas- para aportar as axudas precisas. "Non imos permitir que ninguén deixe a universidade por non ter recursos", conclúe.

Antonio Macho abre unha rolda de intervencións ao razoar sobre a necesidade de que a universidade forme a persoal cualificado para atender as demandas específicas das empresas. Neste tema os presentes intercambian distintos puntos de vista.

- ***A Comisión informa favorablemente o orzamento para elevar ao Pleno.***



#### **PUNTO 5**

*Aplicación e accións desenvolvidas respecto das recomendacións da empresa auditora recollidas no Plan de control financeiro da UVigo no exercicio 2019.*

Informa o director de Administración, Rodrigo Cerviño, sobre o feito, o que se está a facer e o previsto, respecto de cada unha das tres observacións feitas pola empresa auditora, como resultado das probas que efectuou sobre os saldos contables e das observacións sobre diversos aspectos da organización da UVigo.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, do orzamento do Consello Social para o exercicio de 2021.*

Recapitula e extracta o secretario o documento que se presenta. Manuel G. Piñeiro aprecia a información que se aporta sobre a situación comparativa dos demais Consellos de Galicia.

- ***Apróbase a proposta.***

#### **PUNTO 7**

*Comunicación dos traballos desenvolvidos para a creación dunha "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas". Aproveitamento do informe de auditoría operativa.*

Intervén a xerente da UVigo, Raquel M<sup>a</sup> Souto para dar conta dos pasos dados, como é o caso da creación da Oficina de proxectos internacionais da UVigo (independente da Oficina I+D e da ORI) e as dúas áreas que a compoñen para atender as especificidades en relación ao financiamento procedente da UE. Engade que a oficina disporá dun persoal "suficiente para esta primeira etapa" da OPI. Á pregunta de Jesús Graña sobre se a oficina dependerá dalgún servizo, afirma a xerente que a idea é que sexa así, se ben actualmente non.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 8**

*Informe sobre a aplicación das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa", en previsión de estar operativa no segundo semestre de 2020 (reunión do 28 de febreiro de 2020).*

Previa introdución e contextualización temporal feita polo secretario sobre a situación e incidencias na tramitación desta auditoría, expón Rodrigo Cerviño que a ferramenta precisa xa está creada pero que a aplicación tivo que ser adiada a causa das prioridades derivadas da COVID-19. Estima que se poderán empezar as probas a finais de 2020. Entre a documentación da que dispoñen os membros pódese coñecer o novo módulo que desenvolverá no programa de xestión da UVigo, e que recollerá todas as recomendacións do informe de auditoría.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 9**

*Propostas para determinar o contido dunha nova auditoría operativa orientada a promover a mellora do ensino, da investigación ou da xestión dos servizos da UVigo.*

O secretario dá lectura ao enunciado da temática proposta para efectuar unha nova auditoría operativa, que trataría sobre o *papel que pode desempeñar o Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) no que se refire a centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software, fondos bibliográficos...)* e o *aforro de custos que pode representar*. Os asistentes dan o seu consentimento inicial, condicionado a unha consulta da xerente ante o Consorcio ao respecto. Ignacio Rodríguez aclara que esta auditoría debería ser



presentada no vindeiro mes de xuño; e a que se está a facer sobre as spin off e a universidade deberá ser presentada na comisión do próximo mes de febreiro.

- ***A Comisión dá a súa conformidade.***

#### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2019, por cargos de xestión, pola labor docente e investigadora, e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.*

Raquel M<sup>a</sup> Souto describe o procedemento e a competencia do Consello Social na tramitación dos complementos.

- ***A Comisión informa favorablemente ao Pleno.***

#### **PUNTO 11**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo no mes de novembro de 2020.*

Interveñen Jesús Graña e Manuel G. Piñeiro para facer distintas consideracións sobre convenios concretos que lles parecen relevantes.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 12**

*Rogos e preguntas*

O presidente, Daniel Barata, agradece a Manuel G. Piñeiro –que será relevado como membro do Consello Social en representación da UGT- a súa aportación activa á Comisión. González Piñeiro agradece á súa vez a boa convivencia rexistrada durante a súa estancia no Consello Social, valorando a experiencia como “moi positiva”.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 horas do 17 de decembro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias